


SAFARI FOTOPOÉTICO LETRAS GALEGAS 2024



A Biblioteca do IES Francisco Aguiar de Betanzos convoca á comunidade escolar a un safari fotopoético con motivo do día das Letras Galegas, que este ano homenaxea a Luisa Villalta.

Rexerase polas seguintes bases:

1. PARTICIPANTES. Pode participar toda a comunidade escolar do IES Francisco Aguiar: alumnos/as, pais/nais, persoal docente e non docente, ex-alumnos e ex-alumnas.
2. OBRAS. As fotografías deberán ser orixinais e, preferentemente, relacionadas con Betanzos, o seu casco histórico e os seus ríos. Deben ilustrar algún texto dos que acompañan a estas bases nunha pequena escolma de Luisa Villalta. O texto elixido debe aparecer integrado na propia imaxe.
3. PRAZOS. O safari fotopoético desenvolverase entre o 15 de abril e o 10 de maio do presente ano 2024. O venres 10 de maio será a data límite para o envío / entrega das fotopoesías.
4. PRESENTACIÓN. As imaxes a concurso poderán entregarse nun formato dos usados habitualmente en imaxe dixital (preferiblemente JPEG), nun soporte pendrive na biblioteca do IES Francisco Aguiar, ou ben enviarse ao correo electrónico:
certamesaguiar@gmail.com
5. PREMIO. O premio consistirá nunha camiseta coa impresión da imaxe gañadora.
6. XURADO. O xurado estará integrado por un representante do equipo directivo, un membro do equipo da Biblioteca, e dous profesores/as, representando aos Departamentos de Lingua Galega e Ed. Plástica.
7. VALORACIÓN DOS TRABALLOS.
 - 40% pola calidade e orixinalidade da imaxe
 - 40% pola adaptación do texto á imaxe elixida
 - 20% polo enxeño e creatividade na inserción do texto (ubicación, tipografía...)
8. A participación neste concurso supón a plena aceptación de todas e cada unhas das bases e do fallo inapelable do xurado.

VERSOS DE LUISA VILLATA QUE PODEN INCLUIRSE NO FOTOSAFARI

(Son todos versos independientes, mais poden ser combinados a gusto do artista)

O espello detido en nós

Para sentirnos expandidos nas miradas estrañas

O ceu cobrou unha cor que facía pensar

Era a hora en que as botellas se rompen para dar paso ás profundidades

Atrás quedaban as cores álxidas, mortas de sono

O calor enfriaba-se no bisturí do horizonte

Fitabamo-nos na cita imprevista, sen saber quen nos chamou ao fío da noite.

No que nos miramos o ollo no ollo multiplicado

Abrir a boca á escuridade para encontrar o día

A levedeza da onda cando apenas chega a romper

Provocación de boca con fame

Isto é tamén unha muller que resiste

E recoñece a morte que baila fóra da tumba

Os guardachuvas tiovivos baixo o torvón tranquilo

De virus estratexas entre tanta rutina

Nunca vin tanta guerra en tanto soño

Mordían despiadadas despedidas

Subía o verán as escadas entre as pernas abertas da Cidade

O ceu, marco azul para o perdón, ascendía baixo palio

Desde o mar de Orzán, orixe da espuma ou seme vital

Cara ao carmín prohibido do sexo das señoritas

Os dous lados do simulacro

Unha porta verde na cronoloxía repintada,

Por iso sempre estaban abertas as portas da aldea